

ALBERGANDO A NADA

Tsai Ming-liang, 2024

1375

ESTREA EN NUMAX: 20.09.2024 | Sen idioma | 79 min

Un monxe cunha túnica vermella atravesa as paisaxes urbanas e rurais de Washington D.C. Outro descoñecido tamén se move pola cidade. No sabemos se segue ou non ao monxe camiñante. A décima -e até o de agora última- entrega da Serie do Camiñante (2012-2024) de Tsai Ming-Liang estrouse no pasado Festival de Berlín.

«O cinema de Tsai é contracultural e non hai filme que o expliquen mellor que a serie do camiñante, porque propón un tempo precisamente contracutlural, que opta pola pausa en tempos de produtividade e ritmo constante»

Violeta Kovacsics, OTROS CINES



Simplemente existir

Por Dani Álvarez López

En 2011, Tsai Ming-liang dirixiu a obra de teatro *Only You*, que contaba cun momento na que un monxe camiñaba extremadamente lento durante media hora. Por mor da poderosa imaxe que supuxo esta escena e coa intención de sobrepoñerse á natureza transitoria do teatro, Ming-liang concibiu a película *No Form*, dando así comezo á serie "Walker" a cal, así de primeiras e de forma moi resumida, consiste en imaxes de Le Kang-sheng vestido de monxe camiñando descalzo por diferentes lugares, sempre desafiantemente amodo. A saga xa deu para 10 películas, sendo *Albergando a nada* a última entrega.

Albergando a nada tivo a súa première na Berlinale de 2024, xerando un momento de relax inesperado no medio do festival. Pero que é exactamente *Albergando a nada*? Que esperar da película? Desde a superficie parece claro, unha dupla de actores que nunca comparten plano en actuacións puramente performáticas. Un é o xa mencionado Le Kang-sheng, colaborador habitual na filmografía de Ming-liang, camiñado a unha velocidade exasperantemente lenta. O outro, Anong Hounghuangsy nun segundo personaxe que deambula (a unha velocidade normal), observa, cocíña e come sen máis pretensións nin distraccións. Ambos os actores están mostrados desde o minimalismo de planos fixos, a excepción do inicio e o final do filme nos que hai algún movemento de cámara. O son limítase a reproducir o ambiente que rodea aos personaxes, xa sexa o caos ruidoso do tráfico e a multitude ou o eco dos pasos rompendo o silencio dun edificio baleiro. En definitiva, unha sucesión de planos onde o baleiro narrativo é absoluto, salvo que un espectador queira achegarlle a súa propia historia, narrativas ou interrogantes que xordan durante o transo. Están a perseguirse estes dous personaxes? O monxe vai a algún sitio? Conseguirá chegar a tempo?

Con todo, en opinión dun servidor, *Albergando a nada* é moito máis que o mencionado e a súa transgresión sobresa da pantalla para implicar ao espectador como cómplice desta aparente brincadeira: lonxe de ser un test para poñer a proba a paciencia, creo que Ming-liang comparte algo máxico e que de cando en cando atopamos na vida moderna. Ante unha proposta tan radical e pouco común, a recepción pode ser de todo tipo, desde as interpretacións máis alouçadas á simple observación desprovista de análises intelectuais. Podería ata suscitar, porque non, reflexións do calibre "que é o cinema"? Tsai Ming-liang dixo durante a propia Berlinale que un director non era un contador de historias e expresaba o seu desexo de non limitarse á hora de usar as ferramentas que ofrece a linguaxe do cinema. A final de contas, na súa esencia máis reducida, este consiste en capturar imaxes e proxectalas unha tras a outra. Aínda que a industria priorizou o aspecto narrativo e este sexa o principal uso das películas, as posibilidades que ofrecen estes dous procesos e a súa combinación é infinita. É por iso que non importa a onde se dirixa o monxe ou de onde vén o outro home, se non que a experiencia de compartir ese tempo con eles é onde radica a esencia de *Albergando a nada*. Desconectar de todo o demais, deixar as preocupacións fóra da sala e ignorar calquera input que non sexa a película con tal de, na hora e vinte que dura, simplemente existir.

A oposición radical á velocidade vertixinosa do estilo de vida actual e o rexeitamento á saturación de estímulos que propón *Albergando a nada* é quizais o que lle fai encaixar tan ben a día de hoxe. Un agradecido contraste que converte a sala de cinema nun oasis de paz e reflexión.